

Santiago acollerá en maio o primeiro congreso internacional sobre feminismos e humor

Celebrarase os días 7 e 8 de maio.

Por Europa Press / Redacción | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 23/04/2024 | Actualizada ás 20:48

Santiago de Compostela será a sede do primeiro congreso internacional sobre feminismos e humor, que se celebrará os días 7 e 8 de maio grazas á colaboración entre a USC, Universidade Complutense de Madrid, Middlebury College e Deputación da Coruña. 'HumorSofías', o primeiro foro que analizará o feminismo e os seus vínculos coa comedia e o humor, será aberto pola humorista, escritora e activista ecuatoguineana Asaari Bibang.

A continuación, terá lugar a mesa 'De cómicas e comedias' coa participación de expertas internacionais e para a tarde quedará a conferencia da profesora da UVigo **Sabela Fraga**, á que seguirá outra mesa sobre 'Resistencias humorísticas' antes de que **Baia Fernández** peche a xornada cun coloquio. O día 8, a profesora do Trinity College de Dublín **Catherine Barbour** abrirá a programación cunha conferencia para, máis tarde, dar paso a outra cita na que se analizará o mundo do 'meme'.

O encontro terminará cunha charla a cargo de catro profesoras organizadoras do evento científico: as docentes da USC **Yolanda Martínez Suárez** e **Marta Pérez Pereiro**; **Laura Lesta García**, do Middlebury College; e **Saleta de Salvador Agra**, da Complutense de Madrid. Como broche final, as persoas participantes poderán asistir no Auditorio da Facultade de Ciencias da Comunicación á función teatral 'Té con Kant' a cargo de Inversa Teatro.



8 DE MARZO, SEMPRE !

Hermanager Humor - Feminismo | Fonte: Arquivo